

# Acta Reunión Extraordinaria - Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 9 de maio de 2022

Hora: 12:30 h. (2ª convocatoria)

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

## Asistentes

González Álvarez Julia  
Palacios Oubiña M Carmen  
Pardo López Xosé Manuel  
Pichel Campos Juan Carlos  
Quesada Barriuso Pablo  
Rodríguez Figueiras Oscar  
Rodríguez Martínez Héctor

**Xustifican a súa ausencia:** Losada Carril David Enrique,

Antes de tratar o primeiro punto da orde do día, a Directora informa que se trata da primeira reunión presencial despois de 2 anos de pandemia, e que se trata dunha reunión extraordinaria para tratar dous asuntos que deben ser tratados con urxencia.

## 1. Informe razoado dos anteproxectos de Máster Interuniversitario en IoT e Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga.

A Directora indica que no anteproxecto do Máster en IoT non está definido que Universidade coordinará o Máster, nin a que ámbito de coñecemento está asignado. O Máster será presencial, con 3 especialidades, 60 ECTS (curto) e sen prácticas externas. Se suxire prácticas extracurriculares durante o período de TFM. É un Máster que xurde do estudo de FEUGA (Galicia 2030). O anteproxecto inclúe obxectivos formativos para as 3 especialidades e os apartados obrigatorios de Coñecementos e contidos, Habilidades e destrezas, e Competencias. A planificación da ensinanza se fai en 4 bimestres, os dous primeiros comúns e os dous seguintes xa de especialidade, cada un con 6 materias entre obrigatorias e optativas. Sobre a presencialidade, é un asunto que mudou co novo real Decreto: Ten de ser >9 h / ECTS, en Vigo e Coruña xa se aplica así pero na USC se mantén en 7. As especialidades son repetidas entre as 3 Universidades, haberá un grupo de prácticas por Universidade para cada materia, polo que hai moita docencia (por estar triplicada).. Preténdese implantar no curso 2023/24. É preciso un informe da Comisión que se levará á reunión de Xunta de Escola de mañá para aprobación. O informe é de apoio, despois xa se presentarán as alegacións. O Prof. HRM critica o uso dun acrónimo directamente no nome do Máster, así coma o uso de moitos termos en inglés innecesarios nos nomes das materias.

Sen mais comentarios por parte da Comisión, apróbanse o informe de apoio por asentimento.

Sobre o Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga, a Directora informa que se trata dun Máster sen especialidades, coordinado pola UdC (ETS de Camiños), e colaboran a USC (ETSE) e a UVigo (ETS Minas e Enerxía). Son 90 ECTS, en castelán, galego e inglés, con 30 prazas totais (10 por Universidade). En materias optativas hai que cursar 24 ECTS de 57 ECTS ofertados, ten 5 módulos mais TFM, prácticas externas, e a USC tería 2 materias obrigatorias e 2 optativas no módulo 3. O anteproxecto inclúe obxectivos formativos e os apartados obrigatorios de Coñecementos e contidos, Habilidades e destrezas, e Competencias. Aparecen citados os ODS. No anteproxecto aparecen ECTS, non horas, e contidos das materias, non avaliación nin metodoloxías. Involucra a 7 profesores/as (15 ECTS) do Departamento de Enxeñaría Química, e está previsto para inicio no curso 2023/24. Só aparece o Sistema de Garantía de Calidade da UdC, cando terían que aparecer as 3 Universidades, na portada só se nomea á UdC, e no nome debería ser Máster Interuniversitario. Falta en xeral información da USC e a UVigo.

Sen comentarios por parte da Comisión, apróbanse o informe de apoio por asentimento.

## **2. Aprobación da Memoria de Centro curso 2020-21**

A Directora comeza polas Accións de Mellora:

- O Informe de accións de mellora do curso 20/21 está en execución.
- É preciso definir as accións de mellora para o curso 2021/22, que se van agrupar en Obxectivos de calidade, xa aprobados.
- Estaba pendente a primeira parte da Memoria: Seguimento do SGC e resultados, A Introdución coa explicación de como se leva a cabo, , e a relación de títulos e acreditacións.

Canto ao desenvolvemento das diferentes directrices, estamos agora na prórroga do Plan Estratéxico da ETSE (2020-2022), que define liñas estratéxicas, cada unha con os seus obxectivos estratéxicos. Tamén se debe incluír o grao de cumprimento do Plan de Mellora do curso 2020/21.

O Informe de queixas, suxestións e reclamacións xa foi aprobado. Nas Directrices 2 a 6 a Dirección fai un comentario xeral, e despois irán os comentarios de cada título. Para cada directriz hai que facer as indicacións e comentarios pertinentes, e aínda que non estea todo ben, é importante unha redacción unificada de cara ao próximo curso. Na Análise de Criterios hai que facer mención ás modificacións de título, e ten de incluírse o Grao en Intelixencia Artificial co seu Plan de Estudos. Na Lista de Evidencias son requiridos accesos web.

Sen comentarios por parte da Comisión, apróbanse a Memoria de Centro por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 13:40 h.